

MIGALLAS

TEATRO

Texto: **CARLOS YUS**

Ilustracións: **MARÍA CAMPOS**

Deseño, produción e distribución: KALANDRAKA

Encadernado en cartoné. 20,5x21 cm.

32 páxinas en color. ISBN 978-84-614-7328-1

Prezo: 12,50 €

***...Un día o avó empezou a facer cousas raras,
a ter despistes. Ao principio era moi divertido.
Vestía o pixama para saír da casa...
Metía os zapatos na neveira...
Os plátanos, dentro do armario...
-Hai plátanos por todos os lados!
Unha vez ata puxo un cesto na cabeza!***

O libro "Un avó especial" está baseado na obra teatral do mesmo nome que a compañía Migallas Teatro creou no ano 2005 co asesoramento da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias de Pontevedra (AFAPO), pertencente á Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras demencias (FAGAL), co obxectivo de axudarlles aos nenos e nenas a comprender mellor esa doenza.

Tras ser representada en numerosos teatros, auditorios e centros culturais e educativos de toda Galicia, Migallas Teatro -animada por AFAPO- decidiu converter esta peza dramática nun álbum ilustrado dirixido aos nenos e nenas "para que lembren sempre a historia do avó Manuel e da súa neta Rosiña".

O texto de Carlos Yus e as ilustracións de María Campos contan a relación entre un avó e a súa neta dende que esta nace ata que ten doce anos. O avó arrólaa, cóidaa, ensínalle ditos, cancións, xogos... Co paso do tempo sucédense as risas e os enfados entre os dous pero, un día, o avó comeza a ter moitos despistes e o seu carácter cambia. Rosiña, coa axuda dos pais, ten que asumir esta nova situación.

Malia a seriedade do tema, "Un avó especial" ten un enfoque humorístico que persegue fomentar actitudes optimistas para afrontar os problemas que implica o Alzheimer, incidindo na importancia que teñen os/as nenos/as para que os maiores vivan momentos felices.

Á parte da enfermidade, tamén se trata o tema da relación entre os/as nenos/as e os/as vellos/as en xeral, así como diferentes modos de educar os rapaces por parte dos membros da familia. Os avós preséntanse como transmisores da sabedoría tradicional e peculiar de cada pobo fronte á uniformidade cultural. Os ditos, os xogos e as cantigas populares son un elemento fundamental nesta transmisión.

A creación de Migallas Teatro como compañía profesional data de 1996. Ademais da montaxe de espectáculos para público familiar e adulto, e de realizar sesións de contacontos, tamén coordina talleres de expresión dramática a través de concellos, asociacións e escolas.

